

de reposición no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao desta publicación, ante esta delegación provincial, todo isto de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Lémbra-selle tamén o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias desta delegación provincial, sitas na rolda da Muralla, nº 70-baixo, en Lugo, e a obter, se é o caso, copia deste acordo, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Lugo, 4 de decembro de 2008.

José Miguel Vázquez Calvo
Delegado provincial de Lugo

ANEXO

Nº de expediente: TR 345A 2004/50-2.

Nome ou razón social: María Esther Rajo Castro.

DNI/NIF: 34154683-M.

Último enderezo coñecido: r/ Tomás Vázquez, 6-2º, 27400 Monforte de Lemos (Lugo).

Feito imputado: non manter no seu cadro de persoal fixo, durante un período mínimo de tres anos, a traballadora contratada ao abeiro deste programa ou o/a traballador/a que a substituíu.

Precepto infrinxido: a base décimo segunda.1 do anexo A da Orde do 11 de marzo de 2004 pola que se establece a obriga que asume o beneficiario deste tipo de axudas para o ano 2004.

Contido da resolución: acordo da procedencia do reintegro de axuda.

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 5 de decembro de 2008 pola que se anuncia a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións menores deportivas no porto de Baiona.

Vista a proposta emitida o 25 de novembro de 2008 pola xefa da Área de Explotación e Planificación, coa conformidade da dirección deste ente público de apertura dun proceso de convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións menores deportivas nas instalacións náutico deportivas do

porto de Baiona, esta presidencia, baseándose no disposto nos artigos 6.3º g) da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, e 9 h) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento do dito ente, e na Orde do 29 de xaneiro de 1996, sobre delegación de competencias no presidente de Portos de Galicia,

RESOLVE:

Autorizar a apertura dunha nova convocatoria pública de solicitudes de autorizacións de atracada nas instalacións para embarcacións deportivas menores no porto de Baiona. O período de presentacións de solicitudes comezará a partir das 9.00 horas do décimo (10) día hábil seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, por un prazo indeterminado e ata que Portos de Galicia decida pechalo por razóns de interese portuario.

Aprobar o prego de bases que rexerá esta convocatoria e os pregos de condicións das autorizacións que se asignen. Estes pregos estarán ao dispor dos interesados na sede central do ente público Portos de Galicia, sita na praza de Europa, 5-A, 6º, 15707 Santiago de Compostela, na sede da zona sur deste ente público, sita na rúa Benito Corbal, nº 37-3º, 36001 de Pontevedra e na páxina web de Portos de Galicia www.portosdeg Galicia.com.

Na actualidade dispónse dos seguintes amarres libres:

41 amarres de 6x2,50 metros, con capacidade para embarcacións de eslora máxima de 6 metros e manga máxima de 2,25 metros.

0 amarres de 8x3,25 metros, con capacidade para embarcacións de eslora máxima de 8 metros e manga máxima de 2,70 metros.

As autorizacións de atracada outorgaranse a aquelas solicitudes que cumpran coas prescricións establecidas no prego de bases da convocatoria considerando a prioridade temporal na presentación. Para os efectos que quedan sinalados, nas solicitudes figurará a data e hora da súa presentación. Se por calquera causa non for consignada a hora na solicitude polo organismo correspondente, computarase como hora de entrada no rexistro as 14.00 horas.

Ábrese, así mesmo, un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito na sede central de Portos de Galicia as alegacións que consideren oportunas relativas a esta convocatoria.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2008.

Jacinto Parga Fernández
Presidente de Portos de Galicia